



Xosé Luís Arias López, membro da Dirección Nacional do SLG e viticultor

A pesares de vivir boa parte da súa vida en Francia coma emigrante, a chamada da terra fixo que Xosé Luís Arias López rematase na parroquia d'O Rosal, en Oímbra, traballando dúas hectáreas de viñado. Das súas cepas abrollan castes coma Treixadura, Godello, Mencía ou Araúxa para fornecer á denominación de orixe galega menos desenvolvida, Monterrei. Membro da Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego e vocal do Consello Regulador desta DO, Xosé Luís participou nas negociacións nunha Mesa do Viño que non propiciou “ningún cambio importante”.

“O presidente do Consello de Monterrei é un funcionario que só vén aquí cada tres meses”

■ **Foi tan problemática coma outros anos a última vendima en Monterrei?**

Problemas houboos e hainos. Non se recolleu toda a uva dos viñedos adscritos á denominación de orixe, e iso que temos máis adegas ca antes: 17. Mesmo houbo uva de caste que foi vendida para viño de mesa. E non falemos de prezos, pois non se chegou a ningún acordo na Mesa do Viño e, a día de hoxe, aínda non sabemos a canto nos van pagar a uva.

■ **Daquela, non serviu para moito a Mesa do Viño de Monterrei.**

Eu asistín ao encontro xunto ao responsábel de sector do SLG, Xosé Manuel González, e podo dicir que nesta DO non vin ningún cambio importante. Aquí temos un problema fundamental, que é a comercialización, e seguimos igual.

■ **Para iso tamén está o Consello Regulador, ¿non?**

Eu represento ao SLG no Consello, pero practicamente non podemos facer nada. Nas eleccións, Xóvenes Agricultores fíxose coa maioría. Eles puxeron ao presidente que quixeron, e

elixiron a un funcionario da Xunta que só vén aquí unha vez cada tres meses e non ten nin idea dos problemas que padece o sector. Eu non vexo que este señor teña particular interese en defender os intereses desta comarca.

Calquera proposta que o SLG fai diante do Consello Regulador só obtén a negativa desa maioría. Por exemplo, nin sequera nos votaron a favor de indicar esta zona como vinícola nos rótulos da autovía. Pódese dicir que nos dous últimos anos non se fixo practicamente nada.

Para que isto funcione debemos tirar todos no mesmo sentido, tanto adegas como viticultores. A función do presidente non pode ser figurar para saír na foto e dedicarse a regalar viño. Haberá que volver convocar eleccións ou chegar a un acordo para trocar ao actual presidente.

■ **¿O Consello Regulador nin sequera se implica en problemas tan importantes coma os prezos?**

¡Que va! Hai tres anos, dende o SLG fixemos un intento de crear contratos ho-



Para Xosé Luís Arias, as terras de Monterrei son privilexiadas para practicar o oficio da viticultura

mologados, pero o presidente do Consello Regulador non se quixo implicar e limitouse a deixarnos o local para facer a xuntanza.

Evidentemente, o contrato debería ser apoiado polo Consello Regulador e pola Xunta, pero nin nestes temas quixeron entrar.

“En Galiza hai demasiada política e moi poucas accións efectivas”

■ **¿Que pensa que debería facer a Xunta para virar a situación?**

Potenciar a faceta comercial desta denominación, dando a coñecer os nosos produtos. Se as adegas non teñen tras súa a unha Administración que informe e asesore sobre como promover o viño, entón terémolo moi difícil, pois hai moita competencia. En Francia, eu vin como os políticos levaban canda si nas súas comitivas a empresarios para tratar temas comerciais a calquera lugar que fosen. Co viño, os nosos políticos deberían facer o mesmo. Aquí hai demasiada política e poucas accións efectivas.

Tamén se bota de menos que a Oficina Agraria Comarcal non dedique máis esforzos á formación dos viticultores. Hoxe a viticultura non é un oficio no que se esixe calidade, e para iso hai que ter unha base e uns coñecementos determinados dos que se debería responsabilizar a Administración.

■ **Con este panorama, a xente nova non se animará moito a tomar o relevo.**

Aquí é moi difícil que se incorpore a xente nova cos prezos que ten a terra. Mercar terra significa empeñarse, cando o meirande das leiras desta zona están sen explotar. A idea do banco de terras creo que sería unha das posibles solucións para desenvolver o sector. Dende logo, se tes dúas hectáreas repartidas en trinta fincas, como moitas persoas de aquí, pasas o tempo polos camiños e iso non é rendíbel, nin sequera che compensa ter maquinaria. Iso inflúe en que xa non quede xente nova para traballar as viñas.

“Grazas ás xestións do SLG, unha adega mercará 20.000 olas de viño”

■ **Semella que, en moitos sentidos, Monterrei é a irmá pequena das denominacións de orixe galegas.**

A nosa é unha das denominacións máis novas de Galiza, xunto á Ribeira Sacra. Ambas naceron en 1993. A diferenza é que, hoxe, a Ribeira Sacra ten máis de oitenta adegas, e nós só deza-sete. Un dos motivos é que por aquí a política está pouco implicada co agro.

Ao final, Monterrei sempre quedou coma un depósito de viño para fornecer a outras denominacións de orixe. Cando a colleita é moi mala en Rías Baixas, levan a nosa uva para producir baixo o amparo da súa denominación. Eu coñezo casos de viño que saíu de Monterrei, porque non se daba vendido, para ser comercializado con etiquetas d'O Ribeiro e Rías Baixas, e

chegar a acadar premios vendéndose coma se fosen destas denominacións.

■ **Iso quere dicir que o viño de aquí pode competir con calquera.**

Si, pois calidade haina: temos adegas premiadas, e un clima moi axeitado para o viñado. Cando aquí damos cinco mans de sulfato, están no Ribeiro con dez, e nas Rías Baixas con quince. A mágoa é que, hoxe en día, vaías a un restaurante de Ourense, pidas un viño de Monterrei, e non cho teñan.

■ **Así e todo, esas vantaxes comparativas das que goza Monterrei deberían dar pé á esperanza.**

Esperanza sempre hai que ter. Aquí reestruturouse moito, e a xente pensaba que así podería ir a mellor a situación. Hoxe estase vendo que moi-ta uva de caste remata por venderse

para facer viño de mesa. As adegas deberían ter máis vontade comercial, unirse, contratar comerciais para sacar isto adiante. Non por facer máis adegas vai ir a cousa mellor. Hoxe estamos igual que cando tiñamos só dez adegas, coa diferenza de que agora nos pagan a uva á metade que antes.

■ **De todos xeitos, non todo irá tan mal, algunha nova boa haberá...**

Home, si. No caso do viño a granel, eu destacaríaa unha iniciativa do Sindicato Labrego grazas á cal unha adega poderíase comprometer a mercar 20.000 olas de viño. Ata o de agora, os excedentes ían para adegas como Caride ou Arnoia a prezos de 3 euros a ola (16 litros). Agora, grazas á intermediación do SLG, unha adega recollerá ese viño pagándoo a 8 euros a ola.